

Como en tantas ordes da vida, na investigación historiográfica tamén se dan os vaivéns do péndulo da análise. Entre nós, o franquismo impuxo a verdade única dos vencedores ao longo de corenta anos. Coa conquista da democracia, foi posible recuperar unha parte, polo menos, da memoria dos vencidos: dos que perderan a guerra e dos que, ano tras ano, seguiron a ser derrotados por teimar na loita polas liberdades.

Aínda así, o pacto da Transición impediu coñecer todas as certezas: arestora aínda hai cadáveres nos foxos e nalgunhas paredes de templos permanecen os nomes dos mártires dun só lado e en certas rúas os dos vencedores. En tales condicións foi complicado restaurar a verdade histórica en toda a súa dimensión e, o que é peor, facelo libres de prexuízos e de intereses sectarios.

Pero a procura da restauración da verdade do que sucedeu cos vítimas causadas polo franquismo semella que impida investigar o que aconteceu no outro campo. Poucas foron as accións enxergadas para achegarse ao bando republicano. Sinalemos, por singular, a entrevista-ficción *Últimas conversaciones con Pilar Primo de Rivera* (2006), escrita por Antonio-Prometeo Moyano, de grande rigorosidade documental e convicción. Sen esquecermos o traballo de Julio Gil Pecharromán *José Antonio Primo de Rivera. Retrato de un visionario* (1996).

Agora é Jesús Cotta, con *Rosas de plomo* (Stella Maris), quen tenta profundar nas posibles relacións entre José Antonio Primo de Rivera e Federico García Lorca, os dous mártires por excelencia de cada un dos bandos que se enfrontaron na Guerra Civil. Talvez cunha certa inxenuidade –garantía en todo caso de ausencia de todo prexuízo– Cotta repasa testemuños de coñecidos dun e doutro para tirar a conclusión, evidente por brillante, que como individuos nin o fundador de Falange Española era tan fas-



José Antonio Primo de Rivera (1903-1936).

cista nin García Lorca tiña tanto compromiso coas esquerdas como pretenderon uns e outros.

Desde orixes acaso non tan diferentes, ambos sentían –segundo o relato de Jesús Cotta– sentimentos semellantes: valores cristiáns, patriotismo e empatía polas clases populares. En calquera caso, e sen poder confirmar tales circunstancias, o certo é que na década dos trinta as respectivas estéticas eran manifestación de modernidade. A brutalidade de FE quedaba neutralizada pola presenza nas súas filas

de auténticos vangardistas (desde o galego Euxenio Montes ao arquitecto e fotógrafo vasco José Manuel Aizpurúa).

De feito, foron moitos os vasos comunicantes entre esas estéticas que callaron en campos opostos (cantos artistas deron apoio á CE-DA?). Hai uns vinte anos, o profesor ourensán José Luís Varela confesoume a proxi-

midade estética –non ideolóxica– entre José Antonio e García Lorca, ata o punto que para o primeiro, o poeta granadino era candidato a componse a letra dun himno para Falange.

Un e outro, e niso Cotta sitúa o seu acerto, resultaban molestos para ambos bandos contendentes e, unha vez mortos, foron manipulados á conveniencia de cada

*O pacto da
Transición
impediu coñecer
todas as certezas*



Monumento a Federico García Lorca (Madrid).

Mitos e mártires

José Antonio e García Lorca

JOAQUIM VENTURA

Contramemoria histórica

Proba de que as feridas da Guerra Civil e mais do franquismo non están pechadas aínda, é a resistencia dalgúns sectores de recoñeceren os feitos como foron. Sirva de mostra a definición que de tal período ía aparecer nunha publicación da Real Academia da Historia.

Por riba, hai tamén intentos de se apropiar de novo de certas figuras históricas que, manipuladas ou non, foron utilizadas polo franquismo. Agora, coa cortada de vivirmos en liberdade, fanse haxiografías a maneira de armas arreboladizas

contra o sistema democrático.

Boa mostra é a recente obra de José María Zavala *Las últimas horas de José Antonio* (Espasa), que se vén engadir a outros traballos anteriores deste autor sobre o mesmo persoeiro e a súa irmá, grazas ás súas privilexiadas relacións cos herdeiros.

Malia o interese que poida ter a

exhumación de documentación inédita, Zavala non fixo outra cousa que un auténtico panfleto, con opinións subxectivas e insultantes verbo dos protagonistas do bando republicano. Por moi execrables que fosen certas actuacións, o historiador ten que reprimir os cualificativos persoais. Con todo, o máis preocupante é que, practicamente desaparecidos os que viviron a guerra, hai público dabondo como para esta obra vaia pola quinta edición en apenas dous meses.

quen. E se o profesor andaluz deixa en evidencia que a verdade chocaba coa fabricación do mito lorquiano (especialmente por certos esquecementos por parte de Ian Gibson), a recente publicación dunha carta enviada a Franco o 24 de novembro de 1936 por María Santos Kant –unha desconhecida noiva de José Antonio– amosa o desprezo do xeneral polo seu martirio.

Pero sen poder confirmar se en vida uno e outro procuraron a amizade mutua, o certo é que as súas mortes non foron sentidas por parte dos alzados porque, verbo de José Antonio, iso eliminaba un líder político que podería rivalizar con Franco. No caso de García Lorca, foron falanxistas os que pediron a súa liberdade: de feito, foi asasinado por uns arribistas postos ao servizo dos sectores poderosos de Granada, “a peor burguesía de España”, en palabras do poeta.